

EDUCAR A TRAVÉS DA ARTE

CARA A UNHA ESCOLA IMAXINADA

Texto de VICENTE BLANCO e SALVADOR CIDRÁS

Colaboración de ROCÍO MODIA

Imaxe de portada de VICENTE BLANCO

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 160 páx. 18 €

[Educar a través da arte. Cara a unha Escola Imaxinada](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-214-5. Lecturas expertas. Non ficción. Biblioteca de Pedagogía.

[Educar a través del arte. Hacia una Escuela Imaginada](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-206-9. Lecturas expertas. No ficción. Biblioteca de Pedagogía.

[Educar através da arte. Rumo a uma Escola Imaginada](#) (português)

ISBN 978-989-35181-6-8. Leituras para adultos. Ensaio. Pedagogía.


Arte e educación intégranse nun compromiso común: a formación da identidade das persoas, non como unha singularidade individual, senón como unha construción autónoma, libre e consciente, conformada en interrelación co contexto sociocultural...

A arte como acción creadora é o núcleo deste primeiro libro de temática pedagóxica de Vicente Blanco e de Salvador Cidrás, dirixido tanto ao profesorado en activo como a futuros docentes, especialmente de Educación Infantil e de Primaria, mais tamén de Secundaria. A través da creación artística, propoñen un modelo de traballo para iniciar verdadeiros cambios educativos baseados no desenvolvemento de procesos persoais que foxen das respostas estereotipadas e convencionais. «Educar a través da arte» anima a abandonar métodos “directivos” en favor de alternativas que poñan en valor a diversidade e a diferenza.

As metodoloxías interiorizadas e experimentadas ao longo da etapa escolar, así como as convencións socioculturais, poden limitar o desenvolvemento de accións innovadoras e de calidade se non hai unha toma de conciencia para interrompelas na formación inicial ou continua do profesorado. Tomando como referencia a teóricos que, como John Dewey, cuestionaron o papel estático da cultura, os autores defenden a práctica dun modelo “produtivo” -baseado no proceso- fronte ao modelo “reprodutivo” -que prima o resultado- predominante no sistema educativo actual.

A diferenza das actividades pechadas e estáticas que desdénan a experiencia cotiá, o diálogo e o sentido crítico, estas propostas favorecen a creación persoal dos estudantes e potencian a súa capacidade para transformar o mundo a través de infinidade de formas de expresión, técnicas e materiais.

As experiencias “performativas” que recolle esta obra van dende o traballo co papel e co barro, ata o debuxo experimental. Estas e outras iniciativas recóllense na web do grupo de innovación educativa *Escola Imaxinada*, un colectivo composto por profesionais das artes, da arquitectura, da filosofía e da Educación Infantil e Primaria que tenta achegar ás escolas metodoloxías baseadas nas artes, ademais de contribuír ao deseño de espazos e recursos educativos de calidade.



■ **Temática:** renovación pedagóxica.

■ **Receptores:** docentes.

■ **Aspectos destacables:** da colección [Biblioteca de Pedagogía](#) -Premio Gala do Libro 2019 á mellor Iniciativa Bibliográfica- que dirixe o catedrático de Historia da Educación da USC, Antón Costa; outros títulos: «[A cidade dos nenos](#)», «[Cando os nenos din Basta!](#)» e «[Por que as nenas e os nenos?](#)» (F. Tonucci); «[Educación para un mundo novo](#)» (M. Montessori); «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» (L. Vigotski); «[Carta a un profesor mozo](#)» (P. Meirieu); «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» (J. Piaget); «[Pedagogía do oprimido](#)» (P. Freire); «[Carta a unha profesora](#)» (Escola de Barbiana); «[Técnicas Freinet da escola moderna](#)» (C. Freinet); «[Experiencia e educación](#)» (J. Dewey); «[O sorriso do coñecemento](#)» (J.A. Rodríguez Bravo); «[Mulleres imprescindibles](#)» (VV.AA.); «[Comezar polo neno](#)» (M. Lodi); «[As escolas novas e os seus problemas](#)» (E. Codignola/A. Visalberghi); «[Realidades e horizontes da educación en Galicia](#)» (VV.AA.).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/educar-a-traves-da-arte-g>

Vicente Blanco (Compostela, 1974)

Salvador Cidrás (Vigo, 1968)

Licenciados na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, son artistas multidisciplinares especialistas en vídeo, debuxo, escultura e instalación. A súa obra expúxose en importantes museos de arte contemporánea: CGAC (Compostela), MUSAC (León), Reina Sofía (Madrid); tamén a nivel internacional: Berlín, Amsterdam, Nova York, Tokio, Os Ánxeles... Son profesores da área de Expresión Plástica da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo, e promotores do grupo de innovación educativa Escola Imaxinada.

<https://www.escolaimaxinada.com>

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com